

(Ourense, 1941 – A Ramallosa, Nigrán, 2002)

Foi un escritor, tradutor, crítico, editor, xornalista, profesor e político galego. Estudou Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela, na especialidade de Filoloxía Románica. É un dos autores renovadores encadrados na Nova Narrativa Galega. Dirixiu a Editorial Galaxia e a revista *Grial*; en 1983 saíu elixido nas eleccións e foi membro do Parlamento de Galicia, presidiu o Consello da Cultura Galega e formou parte da Real Academia Galega.

## GRANDES ÉXITOS




1967

*Vento ferido* (1967) é unha escolma de relatos breves. A obra sufriu un intento de secuestro pola censura, xa que o texto “Coma lobos” falaba dun ‘paseado’ polo franquismo, polo que a totalidade dos exemplares foi agochada por Francisco Fernández del Riego antes de que chegaran as autoridades.

“Mandárono subir á camioneta branca e marcharon con el cara ó monte do Sarnadoiro. O demais xa o sabes ti. Apareceu morto dun tiro na cabeza. Agora xa pasou. E é mellor calar. Tamén calou o médico cando lle levaron ao fillo.”

“Coma lobos”, *Vento ferido* (1967)

*Os escuros soños de Clío* (1979) é un conxunto de relatos que, baixo o influxo da musa da mitoloxía grega que figura no título, narran feitos pasados desde un punto de vista irónico e con abundantes doses de humor.



1979

Outras das súas obras son *Xoguetes pra un tempo prohibido* (1975), *Ilustrísima* (1980) e *Os mortos daquel verán* (1987).

“A afición que sinte polo mundo dos nenos acretouna en dúas obras de literatura infantil: A peza teatral *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas* e o fermoso conto *A galiña azul*. Tamén na versión que fixo ao galego de *Le petit prince*, de Saint-Exupéry, que constitúe unha valiosa recreación do texto do escritor francés na nosa lingua.”

*Historia da literatura galega* (1984), Francisco Fernández del Riego

